

## CONVOCATORIA ESPECIAL EXAMES TÉCNICOS DE CINTO NEGRO 2020

Estimadas/os compañeiras/os,

Como Director da Escola Federativa Galega de Judo e DD. AA. pónome en contacto con todas e con todos vós para comunicarvos a decisión de **convocar exames técnicos de cinto negro de xeito especial** neste 2020 ante a situación creada polo Covid-19, como xa sabedes a Federación galega de Judo e D. A. sensibilizada e preocupada desde o principio polas consecuencias que esta situación podía xerar, puxo en marcha un Comité de Estratexias para nun principio paliar na medida do posible o importante impacto negativo que para as nosas actividades puidese ter e despois para intentar retomar de forma gradual a volta á normalidade.

Como coordinador xeral deste Comité de Estratexias e dentro das **iniciativas para continuar coa nosa actividade**, remito toda a información referente a esta convocatoria aínda que como é normal suxeita aos cambios propios da adaptación que necesitamos para non vernos descolgados da volta á "nova normalidade".

Como primeira medida e coa intención de potenciar a volta a actividade nos nosos clubs e tamén motivada pola incerteza da utilización de espazos públicos e a posibilidade de convocar público, este ano como excepción **tódolos exames serán Vía Federativa** pero desenvolveranse nos propios clubs.

Entendemos que esta iniciativa será un bo incentivo nestes meses de verán que se aveciñan para que os clubs **retomen a súa actividade dunha maneira paulatina** e nos permita cumprir coas medidas de distanciamento social e seguridade.

O programa practicarase segundo o seu contido habitual, aínda que debido ao non contacto inicial, farase na súa forma de tandoku renshu, dando maior importancia a puntos menos relevantes noutras ocasións tales como: fundamentos, caídas e desprazamentos.

As datas de realización e lugares dos exames **serán fixadas polos propios clubs dentro do mes de setembro** e comunicadas á Federación segundo o formulario adxunto. Nos devanditos exames estará presente polo menos **un responsable da Escola Federativa Galega**, para certificar e supervisar devanditos exames, así como para velar polas medidas de seguridade sanitaria que ese momento estean vixentes.



**ASDO. EDUARDO GALÁN PALLA**  
Vicepresidente 1º Federación Galega de Judo  
Director Escola Federativa FGJUDO

Vº Bº:



**TEXTO:**

Para debido coñecemento e difusión de todos os interesados remítese información referente a:

## CONVOCATORIA EXAME TÉCNICO DE CINTO NEGRO DE JUDO E JIU-JITSU

- Ábrese o prazo de inscrición para todos os exames de cinto negro que se celebrarán no ano 2020 -

### CONDICIONS XERAIS

#### DOCUMENTACIÓN XERAL:

Deberá de enviarse a esta Federación Galega cumprindo o prazo de inscrición. No caso de que non se reciba no prazo fixado ou falte algún requisito, o candidato, non poderá examinarse.

#### PRAZO DE INSCRICIÓN:


Cubrir a folia de inscrición debidamente cumprimentada e enviar o xustificante de ingreso e **toda a documentación antes das 12:00h do día 14 de agosto de 2020.**

#### DOCUMENTACIÓN ANEXA

(ANEXO I)	SOLICITUD CLUB E COTAS DE EXAME
(ANEXO II)	REQUISITOS DOS CANDIDATOS Á EXAME
(ANEXO III)	NORMATIVA LICENZAS FEDERATIVAS

#### INSCRICIÓN:

1. Completar a [SOLICITUDE DE ADMISIÓN \(Picar sobre este texto para acceder\)](#)
2. Enviar toda a documentación solicitada antes das **12:00h do día 14 de agosto de 2020 engadindo o xustificante de ingreso do importe correspondente a nome da:**

	<b>FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO E D.A. - <a href="mailto:datos@fgjudo.com">datos@fgjudo.com</a></b>
	Plaza Agustín Díaz nº 3 (Polideportivo Elviña) 15008 A CORUÑA - TLF. 98113 37 58 - FAX 98113 24 40
	<b>Nº IBAN: ES33 2100 4831 9822 0000 8802</b>

#### NOTA IMPORTANTE:

Lémbrese a todos os clubs, que os alumnos candidatos deberán cumprir a normativa sobre a obrigatoriedade de estar en posesión das **licenzas federativas NACIONAIS** segundo se especifica no cadro (anexo III).

Se teñen dúbidas sobre o cumprimento desta normativa pódese solicitar directamente á **Real Federación Española de Judo e Deportes Asociados** un **CERTIFICADO PERSOAL DO CANDIDATO** sobre este particular.

(ANEXO I) SOLICITUD CLUB E COTAS DE EXAME

DATOS CLUB SOLICITANTE E PROPOSTA DE REALIZACIÓN

NOME CLUB:	
MESTRE TITULAR:	
ORGANIZACIÓN:	Escola Federativa Galega - F.G.JUDO D.A.
DATA DE REALIZACIÓN:	
LUGAR:	
HORARIO:	
TRIBUNAL PROPOSTO:	1.- 2.- 3.-
PROGRAMA:	Escola Federativa Galega. EXCEPCIONAL COVID-19

COTAS XERAIS EXAMES TODOLOS DEPORTES

Candidato a: (Sinalar cunha cruz)	Dereitos do exame e Tribunal Exame F.G.J Tramitación de expediente	Diploma Nacional RFEJYDA	Total
1º DAN	100,00 €	51,20 €	151,20 €
2º DAN	100,00 €	81,70 €	181,70 €
3º DAN	100,00 €	106,10 €	206,10 €
4º DAN	100,00 €	161,20 €	261,20 €

(ANEXO II) REQUISITOS CANDIDATOS A EXAME

Xerais

1. Fotocopia DNI
2. **Orixinal do carné de graos da RFEJEDA para 1º DAN**, fotocopia cinto negro para o resto.
3. 1 Foto dixitalizada tamaño carné actualizada.
4. FICHA XERAL DE DATOS

Ademais para 1º DAN

- 1.- 15 anos cumpridos na data do exame.
- 2.- Estar en posesión de 3 licenzas federativas nacionais consecutivas ou 5 alternativas, incluídas en ámbolos dous casos a da tempada actual.
- 3.- Pertencer a un club homologado na FGJUDO e na RFEJEDA no ano en curso.
- 4.- O mestre co presenta a exame deberá estar colexiado na FGJUDO e na RFEJEDA no ano en curso.
- 5.- Enviar a documentación completa a FGJUDO antes do exame.

Ademais para 2º, 3º, 4º, 5º e 6º DAN

- 1.- Cumprir o tempo de permanencia e a idade regulamentaria na data do exame.
- 2.- Estar en posesión das licenzas federativas segundo a normativa recollida no anexo IV
- 3.- Pertencer a un club homologado na FGJUDO e na RFEJEDA no ano en curso.
- 4.- O mestre co presenta a exame deberá estar colexiado na FGJUDO e na RFEJEDA no ano en curso.
- 5.- Enviar a documentación completa a FGJUDO antes do exame.

\*Para todas as categorías de Danes será imprescindible enviar a **Ficha Xeral de datos RFEJYDA** cumprimentada. Irán por vía de competición aqueles candidatos que teñan os puntos por competicións ou por adestramentos federativos, que sexan Profesores ou Árbitros colexiados ou ben sexan voluntarios deportivos nos Xogos Galegos Deportivos. Quen non cumpra unha destas condicións, irá vía técnica e deberán esperar un ano máis no grado.

**(ANEXO III) NORMATIVA LICENZAS RFEJEDA**
**- EXAME TÉCNICO DE JUDO - 1º a 6º DAN -**

De acordo coa normativa RFEJEDA participase que para a obtención dos Danes expedidos pola Escola Federativa, os aspirantes deberán posuír as seguintes **Licenzas nacionais** e cumprir os seguintes **tempos de permanencia**.

**LICENZAS**

	VÍA COMPETICIÓN	VÍA TÉCNICA
De Marrón a 1º DAN	Tres derradeiras licenzas consecutivas ou cinco alternas	
De 1º a 2º DAN	Dúas licenzas de 1º DAN	Tres licenzas de 1º DAN
De 2º a 3º DAN	Tres licenzas de 2º DAN	Catro licenzas de 2º DAN
De 3º a 4º DAN	Catro licenzas de 3º DAN	Cinco licenzas de 3º DAN
De 4º a 5º DAN	Cinco licenzas de 4º DAN	Seis licenzas de 4º DAN
De 5º a 6º DAN	Seis licenzas de 5º DAN	Sete licenzas de 5º DAN

A partir do 1º DAN as licenzas para a obtención dos sucesivos danes deberán corresponder aos anos de permanencia no grao que posúa.

**NESTE CÓMPUTO DEBERÁ ESTAR INCLUÍDA A LICENZA CORRESPONDENTE AO ANO DO EXAME**

**TEMPOS DE PERMANENCIA**

	VÍA COMPETICIÓN	VÍA TÉCNICA
<b>De Marrón a 1º DAN</b>	Un ano de cinto MARRÓN.	Dous anos de cinto MARRÓN.
<b>De 1º a 2º DAN</b>	Dous anos de cinto negro 1º DAN.	Tres anos de cinto negro 1º DAN.
<b>De 2º a 3º DAN</b>	Tres anos de cinto negro 2º DAN.	Catro anos de cinto negro 2º DAN.
<b>De 3º a 4º DAN</b>	Catro anos de cinto negro 3º DAN.	Cinco anos de cinto negro 3º DAN.
<b>De 4º a 5º DAN</b>	Cinco anos de cinto negro 4º DAN.	Seis anos de cinto negro 4º DAN.
<b>De 5º a 6º DAN</b>	Seis anos de cinto negro 5º DAN.	Sete anos de cinto negro 5º DAN.

**(\*) SOLICITUDE DE PUNTOS**

**DESCARGAR DA WEB FORMULARIO DE SOLICITUDE DE PUNTOS NA SECCIÓN DE ESCOLA FEDERATIVA  
ENVIAR A [datos@fgjudo.com](mailto:datos@fgjudo.com)**

Aqueles **deportistas pertencentes a outras Federacións autonómicas** deberán enviar a documentación xunto co preceptivo **visto bo** do presidente para poder ser inscritos.



**ASDO. EDUARDO GALÁN PALLA**  
Vicepresidente 1º Federación Galega de Judo  
Director Escola Federativa FGJUDO